

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 19.09.2019 Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 19 de setembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 52801 (10/POC-008200)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemarketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 515, do 01.08.2019
- 1.2 52880 (10/POC-008213)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as actuacións do Goberno galego tendentes a controlar a legalidade da contratación temporal en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 515, do 01.08.2019
- 1.3 53209 (10/POC-008303)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a actualización dos bens declarados polos contribuíntes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.4 54137 (10/POC-008550)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa
Sobre a consolidación do tecido económico de Galicia a través da política de concesión de préstamos e avais ás empresas galegas e as posibles modificacións que incrementen a súa eficacia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.5 54400 (10/POC-008584)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa débeda económica do Estado con Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 524, do 04.09.2019

- 1.6 54997 (10/POC-008663)
 Grupo Parlamentario Mixto
 Villares Naveira, Luis e 3 máis
 Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para reactivar a
 economía galega
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 529, do 12.09.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

María Teresa Porritt Lueiro

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

Vogais

Francisco Casal Vidal

M

Xoaquín María Fernández Leiceaga

S

Jackeline Elizabeth Fernández Macías

P

María Guadalupe Murillo Solís

P

Marta Nóvoa Iglesias

P

María Teresa Porritt Lueiro

S

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Julia Torregrosa Sañudo

GCE

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 52801(10/POC-008200)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemarketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo

Publicación da iniciativa, 515, 01.08.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2019 13:40:28
Nº Rexistro: 52801
Data envío: 19/07/2019 13:40:28.235



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión 3ª**.

A precariedade continúa a atravesar o conxunto do sector do telemarketing. A realidade das traballadoras do sector está marcada polos baixos salarios, por unha taxa elevada de rotación e pola ameaza de despedimentos, principalmente por mor da deslocalización do traballo.

As empresas empregan este mecanismo para abaratar aínda máis os custes a costa dos dereitos laborais das traballadoras.

O persoal das subcontratas de R Cable enfrenta unha nova ameaza. O proceso de deslocalización do emprego iniciouse logo da compra da empresa por Euskatel no ano 2015. Agora preveese que Euskatel externalice servizos con empresas como ZTE, principalmente o de mantemento, que na súa maioría está subcontratado.

Xa foron despedidos 20 traballadoras de Comfica que até o momento prestaban servizos para R na provincia da Coruña e a quen a contrata se nega a recolocar. Pero están en risco moitos máis postos de traballo.

Estamos ante unha nova ameaza, que se suma a problemática estrutural do sector. Urxe tomar medidas para evitar a deslocalización do traballo e para rematar co actual modelo baseado na precariedade.





As últimas reformas laborais son as que favorecen que se perpetúe a situación, supuxeron a perda de dereitos e compre derrogalas.

Por todo o anterior exposto preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión 3ª:

1. Que medidas tomou a Xunta de Galicia para reverter a situación de precariedade e inestabilidade que viven as traballadoras e traballadores do sector do telemárketing?
2. Tivo algún contacto coa representación das traballadoras afectadas das subcontratas de R cable? Con que resultados?
3. Que medidas vai levar adiante para evitar a deslocalización e a posible perda de postos de traballo no sector?
4. Que actuacións levou adiante ata o momento para o mantemento dos postos de traballo do sector en Galicia?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2019

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2019 13:40:28
Nº Rexistro: 52801
Data envío: 19/07/2019 13:40:28.236



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 19/07/2019 13:19:24

Julia Torregrosa Sañudo na data 19/07/2019 13:19:37

José Manuel Lago Peñas na data 19/07/2019 13:19:47

CSX: REXISTROvp1hdDba2
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 52880(10/POC-008213)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións do Goberno galego tendentes a controlar a legalidade da contratación temporal en Galicia

Publicación da iniciativa, 515, 01.08.2019

Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo deputadas do grupo parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no Artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte PREGUNTA para a súa RESPOSTA ORAL **na comisión 3ª**.

Un informe pouco sospeitoso de radicalismo económico ou de afinidade política co noso grupo parlamentar afirma : “A prolonganda taxa de temporalidade ten efectos negativos sobre a produtividade. De feito, nin as empresas nin os empregados teñen incentivos para investir en formación específica, e moito menos cando a duración do contrato é infeiror aos tres meses; situación que en 2018 arectaba a máis de 35.000 asalariados galegos. A existencia dunha taxa de temporalidade tan alta trátase de xustificar en función dunha estrutura produtiva, pero seguramente obedece moito máis ao incumprimento xeneralizado da normativa laboral e que se traduce nun abuso das figuras temporaris para cubrir postos temporais de natureza estable.”

Ante esta afirmación que concorda coa análise que fai o noso grupo a vista dos datos de novas contratacións durante o 2018

Polo exposto as deputadas asinantes facemos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

- Que vai facer o Goberno para controlar a lexidade da contratación temporal en Galicia?

Santiago de Compostela, a 23 de xullo de 2019

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo



en marea

enmarea.gal



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 12:51:43
Nº Rexistro: 52880
Data envío: 23/07/2019 12:51:43.926

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 23/07/2019 12:42:04

Paula Quinteiro Araújo na data 23/07/2019 12:42:13



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 53209(10/POC-008303)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a actualización dos bens declarados polos contribuíntes

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga e María Teresa Porrit Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Inspección Xeral do Ministerio de Facenda publica anualmente un balance sobre as inspeccións das axencias tributarias das distintas CC.AA; no caso de Galicia, sobre a Atriga (Axencia Tributaria de Galicia).

No informe correspondente ao exercicio 2017 sobre a xestión dos impostos cedidos polo Estado, ponse de manifesto un elevado número de enfrontamentos entre a Administración autonómica galega e os contribuíntes pola sobrevaloración dos bens declarados nas herdanzas e na compra venta de inmobles á hora de liquidar o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais Onerosas e Actos Xurídicos Documentados, así como o Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

No ano 2017 presentáronse 1.368 recursos de reposición ante a propia Administración, que tardaron unha media de máis de 12 meses en ser resoltos e nos que a causa máis habitual de reclamación foi a falla de motivación das valoracións e o elevado grao de estimación utilizado pola Administración. Galicia sitúase á cabeza, só detrás de Extremadura, das Comunidades de maior desfase entre o valor notificado polo contribuínte e o que se establece na revisión da Atriga, dun 61,9 % fronte a un 27,9 % de media para 2017.

No ano 2017, a Atriga empregou ata tres métodos diferentes para revisar o valor dos bens:

- Nas declaracións de impostos anteriores a xullo de 2015, a Administración galega empregou o sistema de prezos medios, método moi polémico polas elevadas contías fixadas para inmobles e parcelas en pleno estalido da burbulla do ladrillo.
- Nas declaracións posteriores ao ano 2015, a Atriga empregou o valor catastral aplicándolle un coeficiente de actualización.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 13:38:55
Nº Rexistro: 53209
Data envío: 01/08/2019 13:38:55.345

- Mais, para os bens non recollidos na normativa destes dous métodos anteriores, empregou a valoración recollida nun ditame feito por un perito da propia Administración.

En xuño de 2018, a sala 3ª do Tribunal Supremo fixou doutrina en catro sentenzas derivadas dos recursos presentados ás valoracións da Xunta de Castela-A Mancha, nas que se pretendía elevar o valor declarado respecto da liquidación do Imposto de Transmisións Patrimoniais Onerosas e Actos Xurídicos Documentados, sobre vivendas adquiridas en 2012. Segundo o Tribunal, o método de comprobación do valor real de inmobles consistente en multiplicar o valor catastral por un coeficiente non é idóneo nin axeitado, pois precisa dunha comprobación directa por parte da Administración do inmovible concreto sometido a valoración.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como se está a aplicar a actualización dos bens declarados polos contribuíntes?

2ª) Que solución vai adoptar a Xunta de Galicia para evitar o desfase tan elevado existente na actualidade entre a valor do ben declarado polos contribuíntes e a proposta da Administración?

3ª) Vai poñer o Goberno galego os medios necesarios para que a Atriga resolva os recursos de reposición no prazo legal establecido, dun mes e non dun ano?

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/08/2019 13:20:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/08/2019 13:20:50

María Teresa Porrirt Lueiro na data 01/08/2019 13:21:10



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 54137(10/POC-008550)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa

Sobre a consolidación do tecido económico de Galicia a través da política de concesión de préstamos e avais ás empresas galegas e as posibles modificacións que incrementen a súa eficacia

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
 REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 26/08/2019 12:08:51
 Nº Rexistro: 54137
 Data envío: 26/08/2019 12:08:51.141

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Teresa Porritt Lueiro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos.**

IG234.2016.1.3 TALLERES MECANICOS GAUCIA S.L.	11/11/2016	103.241,95
IG234.2016.1.7 RIA DE LIRAS, S.L.	11/11/2016	119.328,60
IG234.2016.1.1 AGROAMB PRODALT, S.L.	22/11/2016	1.820.000,00
IG234.2016.1.1 HERNANDEZ VALLEJO, FRANCISCO JESUS	22/11/2016	44.707,01
IG234.2016.1.1 SOCIEDAD GALLEGA DE CARRETIILLAS,S.A.	11/11/2016	374.643,98
IG234.2016.1.2 BOMBEOS Y TRANSPORTES CARRAL, S.L.	11/11/2016	425.413,66
IG234.2016.1.3 NO SOLO MADERA DR, SL	11/11/2016	60.626,58
IG234.2016.1.3 GOYCAR GALICIA, S.L.	22/11/2016	432.728,18
IG234.2016.1.4 CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA, S.L.	22/11/2016	95.268,02
IG234.2016.1.4 COSTRA NOSTRA, S.L.	11/11/2016	88.340,81
IG234.2016.1.5 LOPEZ CRESPO, CARLOS	11/11/2016	99.582,80
IG234.2016.1.6 CASAS CUBE, S.L.U.	11/11/2016	595.579,15
IG234.2016.1.6 TB SPAIN INJECTION, S.L.	22/11/2016	97.991,22
IG243.2017.1.3 AUTODEON, S.L.U.	26/04/2018	150.000,00
IG243.2017.1.1 HESTIA STOVES & BIOETANOL, S.L.	27/12/2018	99.500,00
IG243.2017.1.1 ADEGAS TERRAE, S.L.	28/03/2019	48.170,00
IG243.2017.1.1 DUBRASEDA, S.L.	19/02/2019	174.210,00
IG243.2017.1.2 ALBERGUE SANTIAGO 15, S.L.	28/03/2019	0,00 (*)
IG244.2017.1.1 HIDROFERSA FÁBRICA DE CHAVÍN, S.L.	27/12/2017	650.000,00
IG244.2017.1.3 CRISTALERIA PONTEVEDRESA, S.L.	25/01/2018	215.625,00
IG244.2017.1.4 ANIBAL METALMECANICA GALLEGA, S.L.	29/05/2018	642.925,64
IG244.2017.1.6 PAPELERA DE BRANDIA, S.A.	26/04/2018	487.500,00
IG244.2017.1.7 CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA, S.L.	29/05/2018	69.627,40
IG244.2017.1.8 MAQUINARIA AGRICOLA CANCELA, S.L.	29/05/2018	280.000,00
IG244.2017.1.1 GREENALIA LOGISTICS S.L.U.	27/06/2018	1.000.000,00
IG244.2017.1.1 JHM SPORTS TECHNOLOGY, S.L.	02/08/2018	488.284,34
IG244.2017.1.1 INTAF PROMECAN, S.L.U.	29/10/2018	482.300,00
IG244.2017.1.1 EQUIPOS LAGOS, S.A.	27/12/2018	86.150,62
IG244.2017.1.1 COPLEGAL,S.L.	19/02/2019	234.049,75
IG246.2017.1.2 TORUS SOFTWARE SOLUTIONS, S.L.	27/12/2017	136.956,15
IG246.2017.1.4 REDEGAL, S.L.	22/02/2018	307.409,39
IG246.2017.1.8 AUDITORIA Y GESTIÓN DE CALIDAD, S.L.	27/05/2018	149.860,10
IG246.2017.1.1 LINCNOTECH, S.L.	29/10/2018	142.785,00
IG246.2017.1.1 HÉRCULES CONTROL, S.L.	27/06/2018	156.041,21
IG246.2017.1.1 GATO SALVAJE, S.L.	27/06/2018	200.000,00
IG246.2017.1.1 TIDYANT CLOUD, S.L.	29/10/2018	0,00 (*)
IG246.2017.1.2 I.B. THOMAS SERVICIOS PUBLICITARIOS, S.L.	27/11/2018	124.640,26
IG246.2017.1.2 ENXENDRA TECHNOLOGIES, S.L.	02/08/2018	200.000,00
IG246.2017.1.2 ENGTECH COMPOSITES LAB, S.L.	02/05/2019	0,00 (*)
IG246.2017.1.3 TEIMAS DESENVOLVEMENTO, S.L.	02/05/2019	0,00 (*)

A relación anterior resume os préstamos concedidos polo IGAPE nesta lexislatura, que coincide xustamente coa recuperación económica. Tan só 40 operacións, das que 4 están pendentes de formalizar; por importes reducidos, que só en dous casos alcanzan 1 millón de euros. En conxunto, significa

CSM-REXISTRO7dgvbJ0H4
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 12:08:51
Nº Rexistro: 54137
Data envío: 26/08/2019 12:08:51.141

mobilizar en tres anos tan só 10.8 millóns de euros, cun promedio por operación que non supera os 302 mil euros.

AV/0885	IRIS SOC. COOP. GALLEGA DE TRABAJO ASOCIA	31/01/2017	1.315.470,00	1.315.470,00
AV/0887	MECANIZADOS RODRIGUEZ FERNANDEZ, S.L.	27/06/2018	2.124.255,69	0,00 ¹
AV/0889	GRUPO INGEMAR, S.L.	05/12/2018	750.000,00	750.000,00

E esta sucinta relación recolle a instrumentación da política de avais nesta lexislatura: tres operacións das que unha está pendente de efectividade.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Considera a Xunta de Galicia que a concesión de préstamos e avais a empresas por parte do IGAPE está sendo unha ferramenta eficaz para a consolidación do tecido económico en Galicia?
- 2.ª) Está a Xunta de Galicia determinada a modificar esta política para facela máis eficaz?
- 3.ª) Considera a Xunta de Galicia que a concesión de avais a empresas por parte do IGAPE está sendo unha ferramenta eficaz para a consolidación do tecido económico en Galicia?
- 4.ª) Está a Xunta de Galicia determinada a modificar esta política para facela máis eficaz?

Pazo do Parlamento, 26 de agosto de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Teresa Porrirt Lueiro
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/08/2019 12:00:42

María Teresa Porrirt Lueiro na data 26/08/2019 12:00:55

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 54400(10/POC-008584)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa débeda económica do Estado con Galicia

Publicación da iniciativa, 524, 04.09.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 13:19:29
Nº Rexistro: 54400
Data envío: 28/08/2019 13:19:29.076

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

A inestabilidade política no Estado e a incapacidade das forzas políticas de dar saída a un novo goberno ten diversas consecuencias negativas para Galiza. Entre elas, o adebedamento de importantes contías por mor da demora no pagamento da mensuralidade de IVE de 2017 e da actualización das entregas a conta do sistema de financiamento.

Sen dúbida, estas cuestións deben ser esixidas unanimemente e con firmeza desde o arco parlamentario galego. Porén, nesta cuestión, a Xunta de Galiza non está a cumprir de forma adecuada o seu papel como goberno galego, pois esta cuestión está a ser reducida a un mero ariete mediático por parte do Presidente da Xunta de Galiza, con base a motivos exclusivamente electoralistas sen considerar de forma seria tomar nota doutras actuacións, como a que está a impulsar Cataluña, que acaba de anunciar a presentación dun recurso xudicial para reclamar a súa débeda.

Máis aínda, cómpre salientar unha vez máis que con independencia deste agravio concreto, estes acontecementos o que veñen a demostrar é o fracaso do modelo de réxime común de financiamento, pois outras comunidades que teñen un sistema alternativo non están a afrontar este problema que, en última instancia, ten a súa orixe

CSM-REXISTROE603f6c9s48
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 13:19:29
Nº Rexistro: 54400
Data envío: 28/08/2019 13:19:29.076

na inxusta relación económica de Galiza co Estado. Polo tanto, trátase dunha evidencia máis de que Galiza debe aspirar a superar o actual status en materia de financiamento e política fiscal, un modelo propio e autónomo onde a xestión do gasto vaia ligada a do ingreso, cunha Facenda Galega que regule e recade os nosos recursos económicos. É esta a única alternativa fiábel para termos garantía de financiamento dos nosos servizos públicos básicos sen dependencias da incapacidade política dos axentes estatais.

Así mesmo, urxe tamén unha volta de porca á doutrina política que representou o período Feijóo neste ámbito, caracterizado pola obediencia plena aos dogmas da consolidación fiscal e, en consecuencia, ás políticas de recortes.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Vai pasar a Xunta de Galiza das palabras aos feitos e impulsar a reclamación legal da débeda económica que ten o Estado co noso país?

Considera a Xunta de Galiza que o único problema da relación económica de Galiza co Estado son a demora no pagamento do IVE de 2017 e das actualizacións das entregas a conta?

Considera a Xunta de Galiza que podería evitarse esta situación de contarnos con outro sistema de financiamento?

Arrepíntese o goberno da Xunta de Galiza de ter admitido sen protestas a conxelación deste debate simplemente porque correspondía ao goberno Rajoy?

CSX4 REXISTROEGALICIA080819
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 13:19:29
Nº Registro: 54400
Data envío: 28/08/2019 13:19:29.076

Vai empregar esta cuestión como desculpa para disimular o seu fracaso na xestión da débeda pública galega?

Que opinión lle merecen outros ámbitos nos que o Estado incumpre e iso repercute nas nosas finanzas, como a débeda en materia de dependencia ou os incumprimentos dos acordos de investimentos?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2019 13:12:20

Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2019 13:12:31



CSX4 REGISTROE60c9cG3s48

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2019 13:19:29
Nº Registro: 54400
Data envío: 28/08/2019 13:19:29.076

María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2019 13:12:36

Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2019 13:12:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2019 13:12:50

Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2019 13:12:57

CSX: REXISTROEG0c9tgCs48
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 54997(10/POC-008663)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para reactivar a economía galega



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputados do G.P. Mixto, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª** sobre a desaceleración da economía galega.

O IGE publicaba o PIB de Galicia do terceiro trimestre que medrou un 0'3% no segundo trimestre de 2019, unha décima inferior á rexistrada no 2018, inda que a riqueza xerada é un 2% superior ao tamaño de hai un ano, inda que menor á de hai 3 meses e moi lonxe do 2'9% que se acadou no segundo trimestre do 2018. É o menor crecemento interanual do PIB de Galicia desde o ano 2014, e inda que a economía medrou desde hai 23 trimestres consecutivos fíxoo cada vez de xeito máis reducido.

Galicia é a 5ª economía máis importante despois de Cataluña, Madrid, Andalucía, Valencia e Euskadi. Con respecto a esta última, pese a ter máis habitantes Galicia con 2.699.299 persoas fronte as 2.172.591 persoas de Euskadi as cifras do PIB que manexa o noso país é de 61.000 millóns de euros fronte aos case 72.000 millóns de euros do PIB de Euskadi, 11.000 millóns de euros menos no PIB.

A economía galega, como a estatal desacelórouse. Mentres que no que respecta á demanda interna se mantivo no 3,3%, a demanda externa sitúase en valores negativos ata acadar o -1,3%. A Consellería de Facenda atribúe esta desaceleración á caída das exportacións, cun descenso interanual do 8,6%.

No que respecta a estrutura do PIB a prezos de mercado pola vía da oferta todos os sectores teñen un comportamento positivo, menos a industria que descendeu un 2,1%. Hai que lembrar que a industria emprega ao 18,9% da cidadanía galega ocupada, unha porcentaxe similar á da poboación ocupada nas administracións públicas, a sanidade e a educación co 18,6%.





Estamos lonxe do obxectivo marcado pola Comisión Europea de que a industria represente no ano 2020 o 20% do PIB, actualmente no 16,5%.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que subscriben formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

- Que medidas vai tomar a Xunta para reactivar a economía galega? En que consistirán estas medidas?
- Pensa a Xunta incentivar a contratación de xente nova nas empresas para mellorar o crecemento do PIB galego?
- Como pensa atallar a Xunta a perda de industria en Galicia? Preocúpalle a Xunta como afecta esta perda do sector industrial ao noso país?
- Como pensa acadar o obxectivo marcado pola Comisión Europea de que a industria represente no ano 2020 o 20% do PIB?

Santiago de Compostela, 04/09/2019.

Asinado: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao,
Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal,
Deputada e deputados do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/09/2019 09:42:56

David Rodríguez Estévez na data 04/09/2019 09:43:01

Paula Vázquez Verao na data 04/09/2019 09:43:08

Francisco Casal Vidal na data 04/09/2019 09:43:20

